8

O GALEGUISMO DURANTE O FRANQUISMO

MANTER VIVA A MEMORIA



PATA 1 PRIMEIRA

Consenso:

Entendemento e comprensión entre as distintas sensibilidades ideolóxicas dentro do galeguismo porque hai unha arela común por riba das diferenzas: o benestar dos galegos e o vigor da súa lingua e cultura.

PATA 2 SEGUNDA

Lealdade:

Fidelidade á memoria e exemplo legado polos galeguistas represariados e exiliados.

PATA 3 TERCEIRA

Compromiso:

Entrega total a unha empresa: manter viva a identidade galega e recuperar o Estatuto de autonomía para Galicia.

PATA 4 CUARTA

Constancia:

A pesar das diferenzas impostas polo franquismo interesado en ocultar as conquistas do galeguismo na 2ª República, as ideas concibidas arredor desta mesa xermolaron o prestixio para a lingua e a cultura galegas.

FUSTE 5

Unión:

Se as necesidades son comúns, se os beneficios son para a maioría, unamos as forzas para entre todos termar dunha mesma idea.

MESA 6

Arredor desta mesa foron moitas as persoas que escoitaron pensamentos coma estes:

"Existe un pensamento desde o momento en que existe unha lingua, unha cultura, un xeito de vivir e de contemplar o mundo."

"Temos que estar abertos á realidade universal, mais ocupando un lugar activo no mundo. Galicia ten que ser algo máis que simple camiño de tránsito das ideas e correntes alleas."

Ramón Piñeiro

A *MESA CAMILLA*

INSTRUCIÓNS PARA CONSTRUIR GALICIA ARREDOR DUNHA MESA



Cun Partido Galeguista moi debilitado e desprovisto de base social a causa da súa desintegración durante a Ditadura, Ramón Piñeiro propón como estratexia política incorporar o galeguismo en todas as forzas políticas democráticas presentadas ante o electorado galego.
Ramón Piñeiro exerce de orientador e coordinador do galeguismo de posguerra. Pola súa casa pasan moitos persoeiros de influencia da época e sobre todo estudantes universitarios simpatizantes co galeguismo. Algúns deles fundarán a comezos dos 60 o Partido Socialista Galego (PSG) e outros intentarán fundar un partido galeguista cristián conforme ás teses do propio Ramón Piñeiro.
Coa restauración da democracia o nome de Ramón Piñeiro soa como candidato á Presidencia da Xunta nas enquisas de opinión e os editoriais dos xornais galegos.

Ramón Piñeiro con Fermín Penzol, bibliófilo que doou os seus fondos á Biblioteca Penzol, hoxe no antigo Concello de Vigo. Xunto coa biblioteca doada por Fernández del Riego forman a máis completa biblioteca de temática galega



Arriba, en Compostela, con Borges e, na esquerda, con Jordi Pujol

IES Beade-Vigo
Dep. Legal C 1168-2009

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística